

## Declaración de ambición

### Grupo de traballo Gender Power

*REScoop.eu, a federación europea de cooperativas cidadás de enerxía:*

- ❖ Recoñece que o cambio climático ameaza a nosa prosperidade e incluso a nosa supervivencia.
- ❖ Está convencida de que o benestar das nosas sociedades require unha transición a un modelo 100 % renovábel con control democrático.
- ❖ Recoñece que a transición cara un futuro sistema enerxético sustentábel e resiliente non debe «deixar ninguén atrás».
- ❖ Valora positivamente que o paquete sobre enerxía limpa recoñecera o papel dos cidadáns e as comunidades enerxéticas ao situalos no centro da transición enerxética.
- ❖ Alíñase cos obxectivos de desenvolvemento sustentábel: o ODS 5 para a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e nenas en toda a súa diversidade e o ODS 7 para o acceso a unha enerxía accesíbel, fiábel, sustentábel e moderna para todos.
- ❖ Recoñece que as cooperativas enerxéticas baséanse en visións máis amplas da xustiza social e o desenvolvemento comunitario.
- ❖ É coñecedora de que a transición a un sistema enerxético sustentábel require de cambios holísticos, o que significa desmantelar as estruturas sociais ou organizativas inxustas existentes, pór fin ás actitudes de discriminación e subordinación, e crear outras culturas, estruturas e prácticas alternativas.
- ❖ Entende o xénero como unha construción social relacionada con diversas desigualdades, tradicionalmente entre mulleres e homes, recoñecendo ao mesmo tempo que os roles de xénero cambian co tempo.
- ❖ Acepta que na sociedade en xeral queda moito por facer para eliminar os prexuízos e todas as prácticas que se basean en roles estereotipados ou na idea da inferioridade ou superioridade de certos xéneros, a fin de lograr unha verdadeira igualdade e dar a todos as mesmas oportunidades para desenvolver todo o seu potencial.

Polo tanto, a misión xeral dos asinantes da presente declaración é a seguinte:

**«O noso obxectivo é contribuír a unha transición enerxética xusta, promovendo a participación significativa de persoas de todos os xéneros en igualdade de condicións, como actoras e beneficiarias activas da transición enerxética, o que se traduciría nunha mellora da calidade de vida para todas».**

Para contribuír á promoción dunha transición enerxética xusta en materia de xénero, recoñecemos e facemos fincapé nas responsabilidades de todas as cooperativas enerxéticas e outros actores para:

- ❖ **Mobilizar o carácter democrático e integrador das cooperativas** enerxéticas para abordar os intereses e as necesidades de todas as partes interesadas na enerxía a fin de que se convertan nun grupo heteroxéneo.
- ❖ Sacar á luz e **recoñecer as voces, os rostros, as necesidades e os intereses** das mulleres e **as persoas de todos os xéneros** no sector enerxético comunitario.
- ❖ Crear **visibilidade e sensibilizar** sobre o impacto **da desigualdade (de xénero)** no sistema enerxético, en xeral, e nas comunidades enerxéticas, en particular.
- ❖ Adoptar todas as **medidas apropiadas**, incluídas políticas específicas, para **modificar ou abolir** as regulamentacións, costumes, estruturas e prácticas existentes que constitúan **discriminación contra as mulleres e as persoas non binarias**.
- ❖ Integrar unha **perspectiva de xénero** en todos os seus ámbitos de actuación.

Estes principios poden traducirse en actividades tanxíbel por parte das cooperativas enerxéticas como as seguintes:

- ❖ **Utilizar unha linguaxe sensíbel ao xénero**, é dicir, unha linguaxe que reflicta a igualdade de xénero, **así como nos gráficos e imaxes** de todos os canles de comunicación interna e externa.
- ❖ Incluir os principios de xustiza de xénero e **igualdade de xénero nos estatutos**, se aínda non están incluídos neles, e garantir a aplicación práctica destes principios a través de **políticas específicas** e outros medios axeitados (por exemplo, formación, orzamentos, etc.).
- ❖ Participar en actividades destinadas a **reformas estruturais**, igualdade de oportunidades e medidas positivas para **promover a posición das persoas de todos os xéneros**, en particular nos órganos de goberno, e crear unha mentalidade e unha cultura que favorezan a igualdade.
- ❖ Contribuír á **recompilación, a análise e a presentación de datos periódicos** desagregados por idade, sexo, socioeconómicos e outros indicadores pertinentes para o seu uso no desenvolvemento, a planificación e a execución, así como no seguimento e a avaliación das políticas e os programas dentro da organización.
- ❖ **Adoptar medidas especiais de carácter temporal**, como cotas ou descontos especiais, para acelerar a igualdade de facto de todos os xéneros, estas medidas non se considerarán discriminatorias, xa que deberán cesar cando se acadaran os obxectivos de igualdade de oportunidades e igualdade de trato.

Ademais, recoñecemos que as seguintes actividades son fundamentais para acelerar a

conciencia de xénero e o progreso da igualdade:

- ❖ Promover un **programa transnacional de tutoría para mulleres** e persoas de todos os xéneros, que abarque todos os tipos de formación e reciclaxe, formal e non formal, para mellorar as súas capacidades sociais, organizativas, técnicas e políticas.
- ❖ Implicar os centros de estudos e investigación en materia de xénero, as institucións académicas e educativas, as organizacións non gobernamentais, especialmente as organizacións de mulleres e as organizacións de persoas LGBTQIA+/non binarias, e a todos os demais axentes da sociedade civil, para **reforzar os coñecementos sobre a análise de xénero, desenvolver e probar indicadores e metodoloxías de investigación axeitados que teñan en conta as cuestións de xénero**, así como para supervisar e avaliar os avances na consecución da igualdade de xénero na operación xeral.
- ❖ **Mapear e conectar as diversas redes** (inter)nacionais, rexionais e locais que traballan en materia de desigualdade **de xénero e pobreza enerxética**, incluídas as iniciativas e organizacións de **economía social e solidaria**.

En liña cos **principios da democracia enerxética**, recoñecemos a diversidade e estamos abertos ás diversas necesidades e aspiracións dos cidadáns. Desexamos ir alén do enfoque no «empoderamento da muller», que pode, de feito, ter un efecto de desempoderamento. En cambio, centrámonos en **cambios culturais e estruturais necesarios para as comunidades enerxéticas (de xénero) xustas**, ao tempo que mantemos unha perspectiva crítica e transparencia cara as nova inxustizas que poidan xurdir.

Recoñecemos que para unha transición enerxética sustentábel e xusta, todos teñen un papel que desempeñar e a responsabilidade de falar e actuar contra as inxustizas actuais e as prácticas insustentábeis, ao tempo que recoñecemos que as accións individuais deben estar conectadas en última instancia aos esforzos sistémicos.

Polo tanto, comprometémonos a:

- ❖ Integrar unha cláusula de igualdade de xénero nos nosos Estatutos de aquí a 2023, ou o antes posíbel.
- ❖ Reflexar o principio de igualdade de xénero na composición dos nosos órganos de goberno de aquí a 2023, ou nos nosos próximos consellos de administración e consellos executivos.
- ❖ Orientar os nosos esforzos a lograr unha adhesión xusta e equilibrada en función do xénero de aquí a 2030.

Esta declaración de ambición está aberta á sinatura de todos os membros REScoop.eu. Se a súa organización quere asinalo, por favor, póñase en contacto con Antonia Proka:

[antonia.proka@rescoop.eu](mailto:antonia.proka@rescoop.eu).